

PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2021/22 (PL500A)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Mediante a Orde do 30 de novembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, anunciouse a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanza regrada de niveis non universitarios para o curso escolar 2021/22 (PL500A) (DOG núm. 249, do 29 de decembro).

Tras concluír o prazo de presentación de solicitudes e a revisión da documentación achegada, as comisións provinciais de cualificación avaliaron os proxectos admitidos e fixaron a puntuación asignada a cada un conforme os criterios establecidos na base 9 da convocatoria.

Unha vez rematadas as sesións das comisións provinciais, a comisión central, de acordo coa base 12 da convocatoria, elabora un informe que lle traslada ao órgano instrutor para formular a proposta provisional de adxudicación, que inclúe as listaxes por provincias que indican a puntuación outorgada a cada proxecto admitido e mais o financiamento asignado a cada centro, conforme os criterios sinalados na base 11, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta provisional faise pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>). Os centros interesados disporán de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base 5 da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaránlle un correo electrónico ao gabinete de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

A subdirectora xeral de Política Lingüística

M.^a Lourdes Batán Aira

